



Concello de Pontecesures

Expte núm.: 305/2021.

Asunto: “APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA A CONSTITUCIÓN DUNHA BOLSA DE TRABALLO PARA O POSTO DE XEFA/E DA BRIGADA FORESTAL”.

Tramite: Resolución realización proba coñecemento do idioma galego na selección do posto de xefe da brigada forestal.

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Procedendo a selección e contratación dun posto **coa categoría de encargado/capataz, de brigada de prevención e extinción de incendios forestais** relacionada co mantemento medioambiental e xestión da biomasa da Brigada de prevención de incendios do Concello de Pontecesures, ao abeiro do Convenio Interadministrativo entre a Consellería Do Medio Rural e o Concello de Pontecesures, para a realización de accións de prevención e defensa contra os incendios forestais durante o ano 2023-2024, cofinanciado parcialmente co Fondo Europeo Agrícola De Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa De Desenvolvemento Rural (PDR) de Galicia 2014-2020.

Iniciado o proceso selectivo e tras superar os tres aspirantes admitidos a proba de esforzo coa cualificación de apto, o día 19.07.2023 réunese o tribunal para a realización das probas de coñecementos técnicos e a baremación de méritos da fase de concurso. Tal como consta na acta da sesión, o resultado de ditas probas foi o seguinte:

N.º	APELIDOS E NOME	PROBA DE ESFORZO	PROBA DE COÑECEMENTOS TÉCNICOS	VALORACIÓN DE MÉRITOS	PUNTUACION TOTAL
1	FRANCISCO MARTINEZ MOURIÑO	APTO	29,25	0,30	29,55
2	ADRIAN SUAREZ CACHEIRO	APTO	28,5	2,10	30,60
3	IVAN VIGO BARREIRO	APTO	27,25	0,50	27,75

Indica o tribunal que, a persoa aspirante con maior puntuación sería ADRIÁN SUÁREZ CACHEIRO (30,60 puntos). Se ben, dito aspirante achegou certificado do CELGA 2 e conforme as bases que rexen a selección, que esixen estar en posesión do CELGA 3/4, deberá proceder a realizar unha proba tipo test de coñecementos do idioma do galego, co resultado de APTO/NON APTO.

Así, en virtude das competencias que me asigna a lexislación local vixente,

RESOLVO:

PRIMEIRO: Acordar a realización da proba de coñecemento do idioma galego, que se realizará en formato tipo test conforme ás indicacións do tribunal e as bases que rexen a selección, o día 20 de xullo de 2023 ás 12:00 horas, nas oficinas do Concello de





Concello de Pontecesures

Pontecesures.

SEGUNDO: Comunicar mediante a publicación deste acordo, ao aspirante ADRIAN SUAREZ CACHEIRO con DNI nº *917***, para a realización da proba de coñecemento do idioma galego, na data e lugar indicado nesta resolución.**

TERCEIRO: Publicar na sede electrónica, no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web a presente resolución.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE Á MARXE

